


## O Apalpador Pandigueiro, pregoeiro do rural



Na noite de fin de ano é cando o Pandigueiro Apalpador, pola súa misión protectora, visita as casas nas que hai crianzas para saber se están ben mantidiñas e deixarlles un agasallo. Esta figura mítica, que moita xente andamos a recuperar, non sempre está sendo tratada con acerto, pois circulan abondosas recreacións pouco afortunadas. Polo banal xeito de baleirar de contido a un valioso persoeiro estase correndo o risco de desvirtuar o seu significado ancestral e convertelo nunha figura tan trivial e comercial como o Papa Noel. Sendo un persoeiro mítico, case esquecido, do Nadal galego escasamente ocupa un rigoroso papel na recuperación da identidade dun pobo que precisa retomar valores saberes, tradicións e avances con futuro. Suporía a perda dunha oportunidade non enchelo dun contido digno e de galeguidade, no senso universal do transmitir a diversidade cultural dos países do mundo.

Como mostra do seu potencial vaivos a seguinte versión dun Apalpador Pandigueiro, ecoloxista, militante pola lingua, comprometido co desenvolvemento rural galego e co planeta. Trátase dun Apalpador, en algúns sitios chamado Pandigueiro, que cada ano percorre varias escolas e colexios aportando novas cheas de frescura e de motivación. Ademais de tenrura e ilusión leva coñecementos directos e vivos do país, cultura popular e acontecementos denunciabiles. Este personaxe coñecedor do país ocúpase tamén dos desastres provocados polas políticas neoliberais. Vede logo a carta que este ano nos manda o Pandigueiro Apalpador, concibido polo autor da lámina adxunta, o artista Xoán Andrade, e encarnado polo paisano Lourenzo de Toldaos -O Incio-, xunto co equipo

Chirlo Merlo e con innumerables axudantas e axudantes que a través desta motivadora figura reclamamos o desenvolvemento do noso mundo rural e a nosa identidade.

*Bo Aninovo en amizade:*

*Teño que vos contar algunha nova desta tempada da que mellor quixera non falar, pero está relacionada coa imaxe da nadaliña que vos dedico.*

*Coma sempre non paro de camiñar e de reparar os estragos cos que me atopo polas miñas queridas montañas do Courel. Nunha destas andainas, xunto coa xente veciña e os animais amigos, chegamos a un lugar para nós especial, escollido polo soleado e pola fermosa vista, Nada máis chegar abraiamos ante un desastre que alí nos atopamos. Tremendo foi o cambio; desaparecieron os castiñeiros e os carballos centenarios que dende hai séculos presidían aquel sitio máxico. Quedamos pasmados ante a perda dunhas frondosas árbores amigas coas que nós tanto falabamos, que nos ofrecían sabia e agarimosa compañía, ademais de respaldo e sombra.*

*O caso foi aínda máis grave polo feito de que onde elas moraban apareceu chantada una enorme torre metálica, desas que empregan para a telefonía móbil. Impón mirar para o xigantesco esparaván e produce temor coa súa espantosa presenza. Causa tremendo impacto a carón dunhas casas vellas e deshabitadas, as que alguén pensaba arranxar pola súa excelente situación .*

*Para mais lamentar tamén sucede que ditas casas foran adquiridas por unhas familias con crianzas, que viven na cidade e optaron por se trasladar para que as súas nenas e os seus nenos medraran entre a natureza dunha fermosa aldea. Trátase de xente valente, disposta a cambiar o seu xeito de vida urbana e decidida a arranxar vellas vivendas de pedra, para habitar naquel fantástico lugar. Ante as desafortunadas antenas, que ademais seica producen radiacións insás, estas xentes tan ilusionadas teñen que abandonar o seu plan. Un dos nosos lugares preferidos quedará baleiro, xa que de alí tamén fuxirán os animais.*

*Estas desfeitas son por desgraza moi frecuentes e a causa de tristes consecuencias, xa que axudan a que as nosas aldeas queden sen xente. Derrúbanse casas cheas de encanto, pero abandonadas, fértiles lugares quedan baldíos e morren aldeas enteiras sen que se procuren medidas para repoboar estas entrañables montañas.*

*Tampouco van ser todo lamentos. Lembraredes que o Nadal pasado andabamos en revolución por un parque eólico co que estiveron a piques de estragar o senlleiro parque natural, O Courel- Ancares, declarado pola Unión Europea reserva de fauna e de especies vexetais? Pois teño para darvos unha gran nova: Podemos celebrar neste Nadal que grazas á loita de moitos colectivos ecoloxistas conseguimos parar tal desastre.*

*O doloroso é que esta ano teñamos outra revolta. Entre a veciñanza e a nosa panda argallamos unha reclamación para que deste lugar tan especial nos quiten a desatinada*

*torre e lle busquen sitio onde non prexudique. Reclamamos así mesmo que os gobernos favorezan á xente que quere vivir nas aldeas e que lles ofrezan bos servizos en vez de facerlles a vida imposible poñéndolles tantos atrancos.*

*O que precisamos é de persoas coma vós, respectuosas, responsables, que aprecien valoren e defendan o mundo rural. Por iso estimamos e agradecemos moito os vosos apoios e convidámosvos a que nos visitedes.*

*P.D. Veredes como na nadaliña que con vós partillo, as folerpas de neve teñen figura de virus CV19. Isto vai con intención..., por mor dos meus pesadelos. Son as miñas figuracións de que temos que eliminar a tan ruín bicho. Eu soño con que o virus se derreta canda a neve que pisei nestes días e así fique para sempre. Tamén na nadaliña aparece unha palabra que quizá descoñecedes “apaxar”, pois recollina por ser desas que vexo en risco de desaparecer. A min gústame, significa acariñar, aloumiñar, agarimar... Emprégoa co desexo de que vos coidedes moito. Se tedes boas defensas non haberá virus que vos enferme.*

*Recibide da miña parte e mais das miñas e dos meus axudantes os nosos mellores desexos:*

*PAZ, SAÚDE, LEDICIA, BOA MANTENZA*

*E FORTE PROTECCIÓN DA PANDEMIA.*

*O voso amigo Pandigueiro Apalpador.*

*Dende O Courel, Nadal 2020*